

## **MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL Nº 1 DO CONCELLO DE NEDA, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES**

Modifícase o artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal Nº 1, reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles, a través do cal se regula, de conformidade co previsto no artigo 74.5 do Real decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), a concesión dunha bonificación para os bens inmóbles nos que se instalaran sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía proveniente do sol.

A modificación pretende concretar os requisitos esixibles para poder desfrutar desta bonificación, así como fixar o número de anos de duración de tal bonificación. Todo elo por canto que o TRLRFL remite ás Ordenanzas Fiscais a fixación dos aspectos sustantivos e formais desta bonificación.

O novo texto do artigo 4.2 sería o seguinte:

### **Artigo 4**

2.- Previa solicitude de parte, establécese unha bonificación do 50% da cota íntegra do imposto para aqueles inmóbles que teñan instalado sistemas para o aproveitamento térmico ou fotovoltaico da enerxía solar, para autoconsumo. En todo caso esta bonificación unicamente será aplicable en relación a aqueles inmóbles que por aplicación das determinacións da normativa vixente, non teñan a obriga legal de incluír nas súas instalacións un sistema de aproveitamento de enerxía solar.

As instalacións fotovoltaicas deberán proporcionar un aporte mínimo de 2000 watios de potencia por cada 100 m<sup>2</sup> construídos de vivenda; e 5000 watios por cada 100 m<sup>2</sup> para outros usos. As instalacións térmicas disporán dunha superficie mínima de captación solar útil de 4 m<sup>2</sup> por cada 100 m<sup>2</sup> construídos de vivenda.

No caso das instalacións térmicas, a aplicación da bonificación estará condicionada a que estas instalacións inclúan captadores solares que dispoñan da correspondente homologación da Administración competente.

Esta bonificación terá unha duración de 5 anos a partires do exercicio seguinte ó da súa instalación.

Corresponderá ó solicitante a acreditación documental de que se cumpren os requisitos antes referidos, recaendo nos servizos técnicos municipais a verificación do mantemento da instalación en tanto se manteña a bonificación do imposto